

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CSSAN01	Audioloxía protésica	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0202	Elaboración de moldes e protectores auditivos	2023/2024	8	262	262
MP0202_12	Confección e axuste de moldes e protectores auditivos	2023/2024	8	209	209
MP0202_22	Elaboración de próteses auditivas á medida	2023/2024	8	53	53

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	PAULA MOREDA BALBOA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

As competencias específicas do módulo de elaboración de moldes e protectores auditivos son:

- elaborar adaptadores anatómicos e protectores auditivos a partir das características morfolóxicas do oído e dos dispositivos que se vaian aloxar no seu interior.
- montar os dispositivos electroacústicos ou acústicos no adaptador anatómico e no protector auditivo.

Este módulo serve de base para:

- obter a impresión do oído externo
- preparar a impresión e obter o molde negativo
- elaborar o produto audioprotésico (molde, cápsula ou protector auditivo)
- montar os dispositivos electroacústicos ou acústicos cando sexa necesario.
- dar o acabado final e efectuar o control de calidade o produto audioprotésico
- efectuar modificacións e/ou reparacións no produto audioprotésico segundo cada caso

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de:

- técnico nun taller audioprotésico ou nunha distribuidora de audiófonos
- asesor/a na selección e adaptación de próteses auditivas e/ou protectores auditivos

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	O molde auditivo.	Identificación e coñecemento dun molde auditivo así como das súas partes. Determinación dos tipos de moldes en base á súa clasificación. Características electroacústicas dos moldes. Características do contorno profesional e necesidades do posible usuario.	30	15
2	Taller de elaboración de moldes e audífonos a medida.	Coñecemento das funcións do audioprotesista no taller de elaboración de moldes. Equipamento común e equipamento específico. Descrición dos materiais e instrumentación precisos no taller. Saúde laboral no traballo. Equipo de protección individual do audioprotesista.	20	10
3	A toma de impresión do oído externo	Coñecemento dos materiais e instrumentos para realizar unha impresión do oído. Preparación do material e instrumental para a impresión. Técnica e procedementos relacionados coa impresión. Control de calidade da impresión final.	30	15
4	Técnicas de elaboración do contramolde	Materiais, procesos e técnicas para elaborar o contramolde.	20	10
5	Técnicas de elaboración do molde en acrílico	Técnicas e procesos que interveñen na confección de moldes acrílicos, así como o seu mecanizado e acabado. Control de calidade. Rexistro, entrega e mantemento. Modificacións posibles.	39	10
6	Técnicas de elaboración do molde en silicona	Técnicas e procesos que interveñen na confección de moldes acrílicos, así como o seu mecanizado e acabado . Control de calidade. .Rexistro, entrega e mantemento. Modificacións posibles.	39	10
7	Protectores auditivos.	Clasificación e características dos protectores auditivos a medida. Valores de atenuación dos protectores auditivos a medida con filtro. Determinación da atenuación necesaria e selección do protector máis apropiado. Control de calidade. Descrición e execución do proceso de montaxe do filtro acústico seleccionado no protector auditivo empregando os medios técnicos precisados. Rexistro, entrega e mantemento. Modificacións posibles.	31	10
8	Elaboración de próteses auditivas á medida	Técnicas e procesos que interveñen na confección de cápsulas, así como o seu mecanizado e acabado . Control de calidade. Rexistro, entrega e mantemento.	33	10
9	Reparación e mantemento de próteses auditivas á medida.	Técnicas e procesos de reparación e mantemento de próteses auditivas á medida	20	10

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	O molde auditivo.	30

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Obtén a impresión do oído externo e relaciona as técnicas de impresión cos tipos de moldes ou protectores auditivos.	NO
RA2 - Prepara a impresión, tendo en conta a relación entre as técnicas e os moldes ou os protectores auditivos.	NO
RA4 - Selecciona protectores auditivos tendo en conta a relación entre as características illantes do protector, as necesidades das persoas usuarias ou os requisitos da lei.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícaronse os tipos de moldes e protectores auditivos á medida, e as súas aplicacións.
CA1.3 Transmítiuseles información ás persoas usuarias con claridade, orde e precisión.
CA1.4 Identifícaronse as características anatómicas do oído externo e determináronse os parámetros de medición.
CA2.4 Considerouse a forma do molde ou do protector auditivo.
CA4.2 Analizáronse as características do contorno e as necesidades das persoas usuarias para o asesoramento sobre o protector acaído.

4.1.e) Contidos

Contidos
Tipos de moldes, de cápsulas e de protectores auditivos á medida.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Taller de elaboración de moldes e audiófonos a medida.	20

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Obtén a impresión do oído externo e relaciona as técnicas de impresión cos tipos de moldes ou protectores auditivos.	NO
RA3 - Confecciona o contramolde, tendo en conta a relación entre as técnicas de elaboración e os moldes ou protectores auditivos.	NO
RA5 - Elabora o molde ou protector auditivo aplicando técnicas de acabado e de polimerización ou vulcanización.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.8 Aplicáronse os protocolos de seguridade e hixiene.
CA3.1 Descríbense as características dos materiais empregados na confección do contramolde.
CA5.7 Seleccionáronse as condicións de almacenaxe e de conservación dos produtos e dos materiais, en función do seu tipo e das súas características.

4.2.e) Contidos

Contidos
Tipos de materiais e instrumentos empregados na toma de impresión.
Protocolos de seguridade e hixiene.
Normativa de residuos e protección ambiental.
Protocolos de seguridade e hixiene.
Normativa de residuos e protección ambiental.
Protocolos de seguridade e hixiene.
Normativa de residuos e protección ambiental.
Normativa sobre seguridade e saúde laboral.
Normativa de residuos e protección ambiental.
Protocolos de seguridade e hixiene.
Normativa de residuos e protección ambiental.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	A toma de impresión do oído externo	30

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Obtén a impresión do oído externo e relaciona as técnicas de impresión cos tipos de moldes ou protectores auditivos.	NO
RA2 - Prepara a impresión, tendo en conta a relación entre as técnicas e os moldes ou os protectores auditivos.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Descríbense os protocolos para a toma de impresión.
CA1.3 Transmítese información ás persoas usuarias con claridade, orde e precisión.
CA1.5 Comprobase o estado de saúde do oído externo e detectáronse as patoloxías que condicionan ou contraindican a toma de impresión.
CA1.6 Selecciónanse os materiais e os instrumentos para a toma de impresión.
CA1.7 Obtívose a impresión do oído externo empregando sistemas de toma de impresión.
CA1.8 Aplicáronse os protocolos de seguridade e hixiene.
CA1.9 Comprobase que a impresión obtida cumpra os criterios de fiabilidade e calidade.
CA1.10 Rexístrouse a impresión no soporte correspondente.
CA1.11 Demostrouse autonomía na resolución de continxencias.
CA2.1 Descríbense os procesos de preparación manual ou dixitalizada.
CA2.2 Obtívose a preparación da impresión utilizando materiais, instrumental e equipamentos.
CA2.4 Considerouse a forma do molde ou do protector auditivo.
CA2.6 Aplicáronse protocolos de seguridade e hixiene.
CA2.7 Comprobase que a preparación da impresión obtida satisfaga os criterios de fiabilidade e calidade.
CA2.8 Aplicouse a normativa de residuos e protección ambiental.
CA2.9 Demostrouse autonomía na resolución de continxencias.

4.3.e) Contidos

Contidos
Tipos de materiais e instrumentos empregados na toma de impresión.
Procedementos para a confección da impresión.

Contidos

Sistemas de toma de impresión.

Controis de calidade do proceso e da impresión obtida.

Protocolos de seguridade e hixiene.

Normativa de residuos e protección ambiental.

Tipos de materiais e instrumentos empregados na preparación manual da impresión.

Procesos de preparación da impresión.

Técnicas de preparación da impresión.

Equipamentos e aplicacións informáticas para dixitalizar a impresión.

Controis de calidade do proceso e da impresión manipulada.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Técnicas de elaboración do contramolde	20

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Prepara a impresión, tendo en conta a relación entre as técnicas e os moldes ou os protectores auditivos.	NO
RA3 - Confecciona o contramolde, tendo en conta a relación entre as técnicas de elaboración e os moldes ou protectores auditivos.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.4 Considerouse a forma do molde ou do protector auditivo.
CA3.1 Descríbóronse as características dos materiais empregados na confección do contramolde.
CA3.2 Utilizáronse os aparellos, os materiais e os útiles habituais no proceso.
CA3.3 Descríbóronse os procesos de confección do contramolde.
CA3.4 Aplicáronse as técnicas de confección do contramolde.
CA3.5 Aplicáronse os protocolos de seguridade e hixiene.
CA3.6 Comprobase que o contramolde obtido satisfaga os criterios de fiabilidade e calidade.
CA3.7 Aplicouse a normativa de residuos e protección ambiental.
CA3.8 Demostrouse autonomía na resolución de continxencias.

4.4.e) Contidos

Contidos
Tipos de moldes, de cápsulas e de protectores auditivos á medida.
Tipos de materiais empregados na confección do contramolde.
Equipamento empregado na confección do contramolde.
Procesos de confección do contramolde.
Técnicas de confección do contramolde.
Controis de calidade do proceso e do contramolde obtido.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Técnicas de elaboración do molde en acrílico	39

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Obtén a impresión do oído externo e relaciona as técnicas de impresión cos tipos de moldes ou protectores auditivos.	NO
RA2 - Prepara a impresión, tendo en conta a relación entre as técnicas e os moldes ou os protectores auditivos.	NO
RA3 - Confecciona o contramolde, tendo en conta a relación entre as técnicas de elaboración e os moldes ou protectores auditivos.	NO
RA5 - Elabora o molde ou protector auditivo aplicando técnicas de acabado e de polimerización ou vulcanización.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.6 Seleccionáronse os materiais e os instrumentos para a toma de impresión.
CA1.7 Obtívose a impresión do oído externo empregando sistemas de toma de impresión.
CA2.4 Considerouse a forma do molde ou do protector auditivo.
CA3.4 Aplicáronse as técnicas de confección do contramolde.
CA3.6 Comprobase que o contramolde obtido satisfaga os criterios de fiabilidade e calidade.
CA5.1 Seleccionáronse materiais, aparellos, ferramentas e útiles.
CA5.2 Descríbense os procesos de elaboración segundo o tipo de molde ou protector auditivo.
CA5.3 Realizáronse as técnicas de polimerización ou vulcanización segundo o molde ou protector auditivo.
CA5.4 Efectuáronse os procedementos de mecanizado e acabado para cada molde ou protector auditivo.
CA5.5 Comprobase que o molde ou protector auditivo obtido satisfaga os criterios de fiabilidade e calidade.
CA5.6 Efectuouse o mantemento dos moldes e protectores auditivos á medida con ou sen filtro.
CA5.7 Seleccionáronse as condicións de almacenaxe e de conservación dos produtos e dos materiais, en función do seu tipo e das súas características.
CA5.8 Avaliouse a posibilidade de reaxuste.
CA5.9 Efectuáronse os procedementos de reaxuste para cada molde ou protector auditivo.
CA5.10 Aplicáronse os protocolos de seguridade e hixiene.
CA5.11 Aplicouse a normativa de residuos e protección ambiental.
CA5.12 Demostrouse autonomía na resolución de continxencias.

4.5.e) Contidos

Contidos
Tipos de moldes, de cápsulas e de protectores auditivos á medida.
Procedementos para a confección da impresión.
Sistemas de toma de impresión.
Tipos de materiais empregados na elaboración de moldes e protectores auditivos.
Almacenaxe e conservación dos produtos e dos materiais.
Equipamento necesario empregado na elaboración de moldes e protectores auditivos.
Procesos de elaboración de moldes e protectores auditivos.
Técnicas de elaboración segundo o molde e o protector auditivo.
Mecanizado de moldes e protectores auditivos.
Técnicas de acabado nos moldes e nos protectores auditivos.
Posibles modificacións nos moldes e nos protectores auditivos.
Control de calidade.
Análise dos procesos produtivos.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Técnicas de elaboración do molde en silicona	39

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Obtén a impresión do oído externo e relaciona as técnicas de impresión cos tipos de moldes ou protectores auditivos.	NO
RA2 - Prepara a impresión, tendo en conta a relación entre as técnicas e os moldes ou os protectores auditivos.	NO
RA3 - Confecciona o contramolde, tendo en conta a relación entre as técnicas de elaboración e os moldes ou protectores auditivos.	NO
RA5 - Elabora o molde ou protector auditivo aplicando técnicas de acabado e de polimerización ou vulcanización.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.6 Seleccionáronse os materiais e os instrumentos para a toma de impresión.
CA1.7 Obtívose a impresión do oído externo empregando sistemas de toma de impresión.
CA2.4 Considerouse a forma do molde ou do protector auditivo.
CA3.4 Aplicáronse as técnicas de confección do contramolde.
CA3.6 Comprobase que o contramolde obtido satisfaga os criterios de fiabilidade e calidade.
CA5.1 Seleccionáronse materiais, aparellos, ferramentas e útiles.
CA5.2 Descríbense os procesos de elaboración segundo o tipo de molde ou protector auditivo.
CA5.3 Realizáronse as técnicas de polimerización ou vulcanización segundo o molde ou protector auditivo.
CA5.4 Efectuáronse os procedementos de mecanizado e acabado para cada molde ou protector auditivo.
CA5.5 Comprobase que o molde ou protector auditivo obtido satisfaga os criterios de fiabilidade e calidade.
CA5.6 Efectuouse o mantemento dos moldes e protectores auditivos á medida con ou sen filtro.
CA5.7 Seleccionáronse as condicións de almacenaxe e de conservación dos produtos e dos materiais, en función do seu tipo e das súas características.
CA5.8 Avaliouse a posibilidade de reaxuste.
CA5.9 Efectuáronse os procedementos de reaxuste para cada molde ou protector auditivo.
CA5.10 Aplicáronse os protocolos de seguridade e hixiene.
CA5.11 Aplicouse a normativa de residuos e protección ambiental.
CA5.12 Demostrouse autonomía na resolución de continxencias.

4.6.e) Contidos

Contidos
Tipos de moldes, de cápsulas e de protectores auditivos á medida.
Procedementos para a confección da impresión.
Sistemas de toma de impresión.
Tipos de materiais empregados na elaboración de moldes e protectores auditivos.
Almacenaxe e conservación dos produtos e dos materiais.
Equipamento necesario empregado na elaboración de moldes e protectores auditivos.
Procesos de elaboración de moldes e protectores auditivos.
Técnicas de elaboración segundo o molde e o protector auditivo.
Mecanizado de moldes e protectores auditivos.
Técnicas de acabado nos moldes e nos protectores auditivos.
Posibles modificacións nos moldes e nos protectores auditivos.
Control de calidade.
Análise dos procesos produtivos.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Protectores auditivos.	31

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Obtén a impresión do oído externo e relaciona as técnicas de impresión cos tipos de moldes ou protectores auditivos.	NO
RA2 - Prepara a impresión, tendo en conta a relación entre as técnicas e os moldes ou os protectores auditivos.	NO
RA3 - Confecciona o contramolde, tendo en conta a relación entre as técnicas de elaboración e os moldes ou protectores auditivos.	NO
RA4 - Selecciona protectores auditivos tendo en conta a relación entre as características illantes do protector, as necesidades das persoas usuarias ou os requisitos da lei.	NO
RA5 - Elabora o molde ou protector auditivo aplicando técnicas de acabado e de polimerización ou vulcanización.	NO
RA6 - Monta dispositivos acústicos, e describe as técnicas de ensamblaxe ao protector auditivo	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícaronse os tipos de moldes e protectores auditivos á medida, e as súas aplicacións.
CA1.6 Seleccionáronse os materiais e os instrumentos para a toma de impresión.
CA1.7 Obtívose a impresión do oído externo empregando sistemas de toma de impresión.
CA2.4 Considerouse a forma do molde ou do protector auditivo.
CA3.4 Aplicáronse as técnicas de confección do contramolde.
CA3.6 Comprobouse que o contramolde obtido satisfaga os criterios de fiabilidade e calidade.
CA4.1 Descríbense as características dos materiais empregados nos protectores auditivos á medida.
CA4.3 Descríbense as diferenzas acústicas entre os protectores auditivos á medida sen filtro e con filtro acústico.
CA4.4 Determinouse a atenuación necesaria segundo cada caso.
CA4.5 Seleccionáronse os filtros acústicos apropiados para obter o maior rendemento auditivo.
CA4.6 Seleccionouse o protector auditivo máis adecuado en función das necesidades da persoa usuaria e consonte a normativa.
CA5.5 Comprobouse que o molde ou protector auditivo obtido satisfaga os criterios de fiabilidade e calidade.
CA5.6 Efectuouse o mantemento dos moldes e protectores auditivos á medida con ou sen filtro.
CA5.7 Seleccionáronse as condicións de almacenaxe e de conservación dos produtos e dos materiais, en función do seu tipo e das súas características.
CA5.8 Avaliouse a posibilidade de reaxuste.
CA5.9 Efectuáronse os procedementos de reaxuste para cada molde ou protector auditivo.

Criterios de avaliación
CA5.10 Aplicáronse os protocolos de seguridade e hixiene.
CA5.11 Aplicouse a normativa de residuos e protección ambiental.
CA5.12 Demostrouse autonomía na resolución de continxencias.
CA6.1 Seleccionáronse os materiais e as técnicas adecuadas.
CA6.2 Montáronse os filtros acústicos.
CA6.3 Utilizáronse os medios técnicos adecuados para realizar a montaxe.
CA6.4 Seguíronse os protocolos de montaxe dos dispositivos nos protectores auditivos.
CA6.5 Realizáronse as medicións dos parámetros dos equipamentos.
CA6.6 Realizouse o control de calidade final dos protectores auditivos con filtro acústico.
CA6.7 Aplicáronse os protocolos de seguridade e hixiene laboral.
CA6.8 Aplicouse a normativa de residuos e protección ambiental.
CA6.9 Demostrouse autonomía na resolución de continxencias.

4.7.e) Contidos

Contidos
Tipos de moldes, de cápsulas e de protectores auditivos á medida.
Procedementos para a confección da impresión.
Clasificación de protectores auditivos.
Características illantes dos materiais empregados na confección de protectores auditivos.
Clasificación dos contornos que poidan precisar de protectores auditivos.
Tipos de filtros acústicos.
Aplicación das táboas de atenuación dos protectores.
Tipos de materiais empregados na elaboración de moldes e protectores auditivos.
Almacenaxe e conservación dos produtos e dos materiais.
Equipamento necesario empregado na elaboración de moldes e protectores auditivos.
Procesos de elaboración de moldes e protectores auditivos.
Técnicas de elaboración segundo o molde e o protector auditivo.
Mecanizado de moldes e protectores auditivos.
Técnicas de acabado nos moldes e nos protectores auditivos.
Posibles modificacións nos moldes e nos protectores auditivos.

Contidos

Control de calidade.

Análise dos procesos produtivos.

Selección de filtros acústicos.

Procesos de ensamble de filtros acústicos.

Técnicas de montaxe de filtros acústicos.

Medios técnicos empregados na montaxe do filtro acústico.

Verificación da atenuación proporcionada polo protector auditivo con filtro acústico.

Equipamento empregado na comprobación da atenuación do protector auditivo.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Elaboración de próteses auditivas á medida	33

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Elabora a cápsula aplicando técnicas de polimerización e de acabado.	NO
RA2 - Monta dispositivos electroacústicos e describe as técnicas de ensamblaxe á cápsula.	NO

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os tipos de próteses auditivas á medida e as súas aplicacións.
CA1.2 Obtívose a impresión do oído externo e relacionáronse as técnicas de impresión cos tipos de próteses auditivas á medida.
CA1.3 Tívoe en conta a relación entre as técnicas e as próteses auditivas á medida ao preparar a impresión.
CA1.4 Tívoe en conta a relación entre as técnicas de elaboración e as próteses auditivas á medida ao confeccionar o contramolde.
CA1.5 Seleccionáronse materiais, aparellos, ferramentas e útiles para usar na elaboración.
CA1.6 Descríbonse os procesos de elaboración da cápsula.
CA1.7 Realizouse a técnica de polimerización segundo a cápsula
CA1.8 Efectuáronse os procedementos de mecanizado e acabado para cada cápsula.
CA1.9 Comprobase que a cápsula obtida satisfaga os criterios de fiabilidade e calidade.
CA1.11 Efectuáronse os procedementos de reaxuste para cada cápsula.
CA1.12 Aplicáronse os protocolos de seguridade e hixiene.
CA1.13 Aplicouse a normativa de residuos e protección ambiental.
CA1.14 Aplicáronse métodos de organización e programación da produción.
CA1.15 Demostrouse autonomía na resolución de continxencias.
CA2.1 Seleccionáronse os circuitos electroacústicos para obter o maior rendemento auditivo.
CA2.2 Montáronse os circuitos e os filtros.
CA2.3 Utilizouse o equipamento de medición e os medios técnicos para realizar a montaxe.
CA2.4 Seguíronse os protocolos de montaxe dos dispositivos nas cápsulas.
CA2.5 Realizáronse as medicións dos parámetros dos equipamentos.

Criterios de avaliación
CA2.6 Realízouse o control de calidade final das próteses auditivas.
CA2.7 Aplicáronse os protocolos de seguridade e hixiene laboral.
CA2.8 Aplicouse a normativa de residuos e protección ambiental.
CA2.9 Demostrouse autonomía na resolución de continxencias.

4.8.e) Contidos

Contidos
<p>Equipamento necesario empregado na elaboración da cápsula.</p> <p>Mecanizado de cápsulas.</p> <p>Técnicas de acabado.</p> <p>Controis de calidade do proceso e da cápsula obtida.</p> <p>Protocolos de seguridade e hixiene.</p> <p>Normativa de residuos e protección ambiental.</p> <p>Tipos de próteses auditivas á medida.</p> <p>Técnicas de toma de impresión.</p> <p>Proceso de preparación da impresión.</p> <p>Proceso de confección de contramoldes.</p> <p>Tipos de materiais empregados na confección da cápsula.</p> <p>Procesos de elaboración da cápsula.</p> <p>Técnicas empregadas na elaboración da cápsula.</p> <p>Selección dos circuitos electroacústicos.</p> <p>Procedementos de ensamblaxe dos circuitos electroacústicos.</p> <p>Técnicas de montaxe dos circuitos electroacústicos.</p> <p>Medios técnicos empregados na ensamblaxe dos circuitos.</p> <p>Verificación do funcionamento da prótese auditiva.</p> <p>Equipamento empregado na comprobación da prótese auditiva.</p> <p>Protocolos de seguridade e hixiene.</p> <p>Normativa de residuos e protección ambiental.</p>

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	Reparación e mantemento de próteses auditivas á medida.	20

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Elabora a cápsula aplicando técnicas de polimerización e de acabado.	NO
RA2 - Monta dispositivos electroacústicos e describe as técnicas de ensamblaxe á cápsula.	NO

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.10 Avaliouse a posibilidade de reaxuste.
CA2.5 Realizáronse as medicións dos parámetros dos equipamentos.
CA2.6 Realizouse o control de calidade final das próteses auditivas.
CA2.7 Aplicáronse os protocolos de seguridade e hixiene laboral.
CA2.8 Aplicouse a normativa de residuos e protección ambiental.
CA2.9 Demostrouse autonomía na resolución de continxencias.
0CA2.10 Reparacións, cambios de filtros e dispositivos electroacústicos ante unha avaría detectada no funcionamento do audiófono.

4.9.e) Contidos

Contidos
<p>Modificacións nos moldes e cápsulas a medida en función das necesidades detectadas no usuario.</p> <p>Reparación de moldes e carcasas á medida.</p> <p>Verificación do funcionamento da prótese auditiva.</p> <p>Equipamento empregado na comprobación da prótese auditiva.</p> <p>Protocolos de seguridade e hixiene.</p> <p>Normativa de residuos e protección ambiental.</p>

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

A avaliación será continua durante todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

MINIMOS EXIXIBLES: Serán todos os criterios de avaliación indicados como mínimo esixible para cada Unidade Didáctica citados con anterioridade

INSTRUMENTOS DE AVALIACION:

En cada avaliación a cualificación calcularase da seguinte maneira:

1. Proba/s escrita/s: 60%. No caso de facer varios exames por avaliación é necesario un mínimo de 5 sobre 10 en cada un deles. A nota calcularase coa media ponderada do resultado de cada UD, segundo o peso de cada UD establecido no punto 3 desta programación.

O exame poderá incluír preguntas curtas e/ou tipo test e/ou imaxes ou gráficos para identificar e/ou interpretar. No caso do tipo test as respostas mal contestadas contan negativo. No caso de que o exame conste de dúas partes poderá ser unha primeira parte tipo test e unha segunda parte de preguntas curtas e/ou interpretación de imaxes e/ou gráficos sendo necesario aprobar cada parte por separado para facer o cómputo final.

2. Actividades de aula (exercicios, traballos individuais, fichas...): 10 %

Cando nunha avaliación non se realicen esas actividades, os puntos acumularanse á puntuación do exame escrito. A puntuación final obtida neste apartado só se sumará se se ten aprobada/s a/s proba/s escrita/s e a/s proba/s prácticas. As actividades de aula deberán ser entregadas en prazo e forma. Tódalas actividades entregadas fóra do prazo establecido polo profesor non serán tidas en conta.

3. Proba práctica (30% da nota): consistirá na realización dunha proba práctica das que se traballaron no taller. Para a avaliación de dita proba a profesora contará cunha táboa de observación que versará sobre os criterios de avaliación prácticos do módulo. En caso de non realizarse unha proba práctica, terase en conta as actividades prácticas realizadas durante as clases e recollidas no caderno de prácticas. Se un alumno non entrega o caderno de prácticas non será avaliado da parte práctica, obtendo unha cualificación final negativa. O caderno vale un 5% da cualificación final da parte práctica. (25% exame práctico + 5% caderno = 30% proba práctica)

Para superar cada avaliación o alumnado terá que ter aprobadas cada unha das partes (proba teórica e proba práctica). As actividades de aula non se suman se non están aprobadas as partes citadas con anterioridade.

Para acadar unha AVALIACIÓN FINAL POSITIVA, o alumn@ terá que superar tódalas avaliacións parciais e poder así considerar aprobado o módulo. A nota final será o resultado da media das avaliacións parciais, debendo obter un mínimo de 5 en cada unha delas. A cualificación será un número enteiro.

Na avaliación final (xuño) se o decimal que acompaña á cualificación é inferior a 0.5, o número enteiro resultante será o inmediatamente inferior. Se o decimal que acompaña á cualificación da unidade é igual ou superior a 0.5 o número enteiro resultante será o inmediatamente superior.

O alumno que supere o 10% de faltas NON XUSTIFICADAS das horas totais do módulo perderá o dereito a avaliación continua, tendo que realizar

unha proba final extraordinaria sobre os contidos mínimos do módulo.

Calquera detección de fraude na realización da/s proba/s levará á expulsión do alumno e cualificación de 0 puntos na proba.

Queda prohibido o uso de teléfonos móbiles, tabletas ou calquera outro medio de comunicación do alumnado co exterior

OBSERVACIONES:

- 1.-Os exames, ensinaranse ao alumnado que o solicite corrixidos e cualificados, e quedarán arquivados en poder do profesor/a. Do mesmo xeito os traballos e actividades quedarán arquivados en poder do profesor cando éste o considere
- 2.- Segundo o DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar Non está permitido o uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos, salvo en casos excepcionais co consentimento previo do profesor
- 3.-Os alumnos que por superar o número de faltas permitido acade Perda de Dereito a Avaliación Continua pode seguir asistindo a clase igual que o resto do alumnado sempre que o desexe. O profesor valorará se o/a alumno/a pode asistir ou non a determinadas prácticas.
- 4.-En caso de non poder asistir ó centro debido a situación sanitaria seguirase o desenvolvemento da programación vía telemática (aula virtual, correo electrónico, videotutoriais...) efectuando as modificacións que considere oportunas o equipo docente.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Inda que a avaliación é continua, para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais, programaranse durante o mes de xuño actividades de recuperación consistentes nalgunha ou varias das seguintes actividades segundo as UD pendentes: actividades prácticas no taller de elaboración, proba teórica, proba práctica ou teórico-práctica e/ou entrega das tarefas pendentes propostas durante o curso.

Estas probas abarcan os CA pendentes e concretaranse para cada alumno (tomando como referencia os obxectivos xerais do módulo e os contidos non adquiridos).

Para calcular a nota da recuperación das partes non superadas, aplicaranse as mesmas porcentaxes que durante o curso, é dicir, un 60% a parte escrita, un 30% a parte práctica e un 10% as actividades de aula.

O alumno deberá entregar os traballos solicitados polo profesor ou a realización das actividades de aula para examinarse da parte teórica.

O alumnado da oferta modular que non supere o módulo, despois da avaliación final de módulos, por non acadar os RA mínimos exixibles, deberá formalizar unha nova preinscripción e matrícula.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que perdera o dereito á avaliación continua por ter superado o 10% das faltas de asistencia sen xustificar (26 horas xa que o módulo ten una duración de 262 horas) poderá presentarse a unha proba extraordinaria de avaliación final do módulo. Este alumnado con perda ó dereito á avaliación continua poderá seguir asistindo ás clases pero terá que realizar dita avaliación extraordinaria (proba extraordinaria), despois da avaliación final do módulo.

-Esta proba consistirá en:

*Unha proba escrita teórico-práctica que poderá conter preguntas tipo test, preguntas de desenvolvemento, preguntas curtas e/ou completar cadros ou esquemas sobre os contidos do módulo. A duración máxima desta proba será de 2 horas. Esta proba deberá obter unha cualificación de 5 para poder optar á seguinte proba.

*Unha proba práctica a partir dun ou varios supostos prácticos dos realizados no taller. A duración máxima desta proba será de 3 horas.

A cualificación das probas será a seguinte:

Proba escrita: 50 % do peso da cualificación.

Proba práctica: 50% do peso da cualificación.

-Cada proba cualifícase por separado. O valor de cada proba estará entre 0-10 puntos, e para a nota global aplicaranse as porcentaxes anteriores.

-Para acadar a cualificación de APTO será necesario ter aprobadas cada unha das probas

Calquera detección de fraude na realización da proba levará á expulsión do alumno e cualificación de 0 puntos na proba.

Queda prohibido o uso de teléfonos móbiles, tabletas ou calquera outro medio de comunicación do alumnado co exterior

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Os principais indicadores do grao do cumprimento da programación serán:

- O grao de cumprimento da temporalización
- O logro dos obxectivos programados

Seguimento da programación, que será documentada mensualmente co modelo Seguimento da Programación (MD.85.PRO.03)". O seguimento faise na aplicación informática

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Realización de tests ou preguntas curtas para constatar os coñecementos previos dos alumnos, e poder avaliar posteriormente a súa progresión.

-Elaboración polo alumnado dun cuestionario facilitado polo departamento de orientación. Esta proba realizarase nos primeiros días de comezo do curso escolar. non sendo valorable senón tan só orientativa do nivel do alumnado.

- Determinar se existe algún caso que exixa medidas de apoio ou necesidades específicas

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para o alumnado, que tras a avaliación inicial, se detecten necesidades de reforzo educativo, por non ter adquiridas as competencias dos estudos cursados con anterioridade, propoñeranse TAREFAS COMPLEMENTARIAS, que se realizarán fora do horario do módulo, e serán supervisadas polo profesor, sempre e cando o alumnado así o requira.

Ditas tarefas engloban conceptos de apoio, reforzo e soporte así como o máis esencial dos criterios de avaliación de cada unidade a modo de contidos mínimos. Trátase de adaptar aqueles aspectos de proceso de ensino-aprendizaxe susceptibles de modificación que permitan ao alumno a adquisición dos resultados de aprendizaxe do módulo, requisito imprescindible para a superación do mesmo.

Estas tarefas complementarias non deben afectar a temporalización que figura na programación, para así poder desenvolver todos os RA asociados ao módulo e non perxudicar ao resto do alumnado que sí ten adquirido as competencias asociadas aos estudos previos necesarios para o acceso a Ciclo Superior de FP.

O responsable de levar a cabo este proceso de atención ás necesidades educativas do alumnado é o profesor tutor, que coordinará a elaboración e implantación do reforzo ou a adaptación curricular, coa colaboración do Departamento de Orientación do Centro Educativo e do Equipo de Orientación Específico da provincia, nun traballo consensuado polo equipo docente do ciclo. A adaptación curricular será necesario realizala cando un/ha alumno/a non responda globalmente aos obxectivos programados, para cada un deles e de xeito individualizado as seguintes actuacións, xunto con outras posibles no marco de acordos do equipo docente, logo da detección de casos e situacións concretas:

- Aplicar o establecido no apartado de contidos mínimos.
- Reforzar con explicacións máis sinxelas, ampliando o nivel de axuda documental e de asesoramento ao alumnado, mais sempre no contexto dos mínimos de cada capacidade terminal.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Ao longo de todo o curso, favoreceráanse os seguintes valores, en gran parte, a través das diversas actividades que se realizarán ó longo do mesmo:

- Igualdade entre mulleres e homes.
- Integración do alumnado con discapacidade.
- Fomentar o respecto mutuo.
- Igualdade de trato.
- Liberdade de pensamento.
- Empatía e traballo en equipo.
- Educación para a saúde.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades complementarias propostas, son as seguintes e poderán estar deseñadas dende o propio centro ou poderán xurdír ó longo do curso na cidade ou entorno da mesma:

- Conferencias de audioloxía.
- Charlas de profesionais.
- Talleres de presentación de produtos audiolóxicos dentro ou fora do centro educativo.

- Sesiões formativas.
- Presentación de empresas do sector.
- Visitas a centros auditivos e/ou fábricas de audífonos.
- Participación en congresos e/ou cursos relacionados dentro ou fóra do centro educativo.
- Actividades que poidan xurdir ao longo do curso e teñan relación co currículo do módulo, organizadas por diversas institucións educativas e profesionais.
- Participación no proxecto social "Oír para vivir" coa elaboración dos moldes ou protectores auditivos precisos para garantir a correcta adaptación dos beneficiarios.

10.Outros apartados

10.1) Avaliación das unidades didácticas

En canto a avaliación, poderase levar a cabo mediante:

- Táboas de observación.
- Traballos individuais.
- Probas escritas, prácticas e/ou teórico-prácticas.

Térase en conta a actitude participativa e innovadora, a realización de tarefas; é dicir os contidos actitudinais, procedimentais e conceptuais.

A programación estará a disposición do alumnado na aula virtual do módulo